



OS POBOS DAS NÉBOAS

Club de Montaña O Carroucho

4 de Maio de 2013

No concello de A Pontenova e dentro da área do río Eo declarada pola UNESCO como Reserva da Biosfera imos comezar a ruta na aldea de Barreiros contemplando dende aquí unha vista panorámica da fraga. Baixaremos ata o carón do Rego das Reigadas e seguiremos o seu curso pasando por riba das pontes de madeira dun lado a outro do mesmo. Como este ano choveu dabondo as fervezas van a tope de auga mostrando ao longo do traxecto a súa espectacularidade. Piñeiros, carballos, abeleiras e acivros, fungos e liques xunto coa néboa que se forma da

Datos Básicos	
Comezo:	Barreiros
Remate:	Vilarxubín
Distancia lineal:	15,8 km.
Duración aproximada:	7 horas
Dificultade:	Media
Altura máxima:	757 m
Altura mínima:	180 m
Acumul.:	↗791 m / ↘1112 m



onde quedaron as cinzas dun home cuxa última vontade foi reposar alí. evaporación da auga fan que haxa un ambiente máxico. Chámanlle á zona o Triángulo dos Trasnos que parecen saír de calquer recanto do bosque.



Chegamos ata ponte Paradela e nos adentramos na fraga de Vilarxubín. Camiñamos á beira do río ollando algún ca outro muíño e se temos sorte algunha londra ata chegar finalmente á Ferrería de Bogo fundada no ano 1534 para aproveitar as riquezas férricas destas terras. Hoxe en día non hai ninguén alí. Dende aquí nos achegaremos ata o pobo de San Pedro de Bogo, onde se celebra no mes de xullo o “Festival celta máis pequeno do mundo”. E preto, no lugar do Machuco, existe unha construción do ano 1847 e restaurada posteriormente polos seus descendentes para convertela nunha casa de turismo rural, a Casa do Fidalgo. Tamén nos contaron que este ano ían celebrar en Vilarxubín “A festa da uralita, a ver quen

é o primeiro que a quita”. Aquí a ruta segue ata a Ermida. Pero nós continuaremos cara arriba e pasaremos ao carón da igrexa de Bogo para unir esta ruta coa da Seimeira, na fraga de Sanxés. No camiño poderemos contemplar con sorte algún gabián ou algún azor ata chegar á casa do escultor Manuel Marqués onde veremos as súas obras feitas sobre madeira e pedra. Cruzaremos o pobo ata entrar á súa fraga, pararemos en varios puntos para observar algunha ferveza e onde quedaron as cinzas dun home cuxa última vontade foi reposar alí. Chegaremos ata un muíño onde a ponte foi derribada pola forza do río e que teremos que atravesar para poder continuar a ruta. Pasaremos debaixo dunha abraiante ferveza e continuamos ata Vilarxubín onde remata a nosa ruta. Atopamos a capela dos Remedios, creo que paga a pena botar unha ollada ao redor do pobo. Tamén recomendo ver o libro de Vicente Ansola “O retratista de Vilaemil” e gañador do prestixioso *Hasselblad Masters Awards 2010*. Onde recolle a vida da xente destes abraiantes “Pobos das néboas”.

Adicolle a ruta aos meus amigos Eva e Alex por axudarme na preparación desta e outras rutas.



Conxuro contra a néboa:
Érguete nebra,
puta da serra,
filla dun can
e dunha cadela;
aí ven san Xuán
co seu burro ruán
aí, que te mata
aí, que te papa
aí, que te leva
ó fondo do mar

Próxima cita:
17-18-19 Maio
Sanabria



O Carroucho
www.carroucho.org

Lembrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte